

Resolución do 26 de xullo de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para a execución de diversas actuacións de mellora das infraestruturas de telecomunicacións en edificios, no marco do investimento C15.I4 do Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, e procédese á súa convocatoria para o período 2024 (código de procedemento AP400C)

A Comisión Europea presentou o pasado 9 de marzo de 2021 a Década Dixital de Europa, unha visión da transformación dixital que Europa necesita para a próxima década, que ten como un dos seus obxectivos que en 2030 todos os fogares e empresas da Unión Europea teñan conectividade xigabit e que 3 de cada 4 empresas dispoñan de computación na nube.

A crise derivada do COVID-19 obrigou a Europa a tomar medidas excepcionais e aproveitar a circunstancia para tratar de saír máis fortes da pandemia, transformando a economía europea e creando novas oportunidades. NextGenerationEU xorde como un plan de recuperación de 750.000 millóns de euros para crear unha Europa máis verde, máis dixital e máis resiliente.

O Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia (MRR), establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, é o elemento central de NextGenerationEU, destinado a financiar os plans de recuperación e resiliencia dos Estados membros da Unión Europea.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España (PRTR) foi informado favorablemente pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021 e aprobado polo Consello da Unión Europea o 6 de xullo de 2021. O 2 de outubro de 2023 a Comisión Europea emitiu informe favorable da Addenda de modificación do PRTR pola que se modifica o calendario e a definición dalgúns fitos.

O PRTR ten como obxectivo a posta en marcha dun plan de investimentos e reformas para a recuperación das empresas e a sociedade tras a crise do COVID-19, impulsando unha transformación estrutural para un desenvolvemento máis sustentable e resiliente, cun orzamento de máis de 163.000 millóns de euros ata 2026.

En febreiro de 2021, a Xunta de Galicia presentaba a Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030), a cal define un marco de actuación común que facilite a actuación das tres administracións (nacional, autonómica e local) nun mesmo territorio de maneira complementaria, buscando as sinerxias e a suma de esforzos para consolidar a transición dixital da Comunidade, dando continuidade á Axenda dixital de Galicia 2020 e ao Plan de banda larga de Galicia 2020 (PDBL2020), coa visión posta en impulsar un modelo de crecemento vinculado á economía dixital.

Adaptar as infraestruturas das edificacións que non dispoñan dunha infraestrutura común de telecomunicacións (ICT) instalada ao amparo do Real Decreto-lei 1/1998 (edificacións concluídas antes do 1 de xaneiro de 2000) facilitará a conectividade destas edificacións ás novas redes de telecomunicación, aumentando a eficiencia dos despregamentos en termos económicos e de redución de prazos, cun modelo respectuoso co urbanismo existente.

As axudas reguladas nestas bases dítanse en desenvolvemento das actuacións contempladas no Real Decreto 990/2021, do 16 de novembro, polo que se aproba a concesión directa ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla para a execución de diversas actuacións de mellora das infraestruturas de telecomunicacións en edificios, no marco do Plan



de Recuperación, Transformación e Resiliencia, modificado polo Real Decreto 1137/2023, de 19 de decembro, e polo Real Decreto 522/2024, do 4 de xuño.

Estas medidas enmárcanse no investimento C15.I4 «Renovación e sostibilidade de infraestruturas. Mellora do equipamento que permite aloxar as infraestruturas de telecomunicacións situadas nos edificios para optimizar o despregamento de redes e acadar un menor consumo de enerxía» do Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, (Programa UNICO – Edificios).

En base ao anterior, e en uso das competencias atribuídas no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia,

RESOLVO:

Artigo 1. Bases reguladoras e convocatoria

1. Constitúe o obxecto da presente resolución a aprobación das bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a execución de diversas actuacións de mellora das infraestruturas de telecomunicacións en edificios (Programa UNICO – Edificios) previstas no Real Decreto 990/2021, do 16 de novembro (BOE núm. 275 do 17 de novembro) (código de procedemento AP400C), modificado polo Real Decreto 1137/2023, de 19 de decembro (BOE núm. 9 do 10 de xaneiro de 2024), e polo Real Decreto 522/2024, do 4 de xuño (BOE núm. 136 do 5 de xuño de 2024), no marco do investimento C15.I4 do Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, que se inclúen como anexo I desta resolución.
2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse as citadas subvencións para o período 2024.

Artigo 2. Tipos de proxectos obxecto de axuda

1. Os proxectos presentados deberán dar cumprimento ao especificado no artigo 4 das bases reguladoras. En concreto, as subvencións destinaranse a cubrir investimentos e gastos directamente relacionados para desenvolver as seguintes actuacións:
 - a) Liña de actuación 1: infraestrutura de telecomunicacións adaptada para Radiodifusión Sonora, Televisión Dixital e Banda Larga Ultrarrápida (instalación completa), tal e como se describen no artigo 4.1.a) das bases reguladoras.
 - b) Liña de actuación 2: infraestrutura de telecomunicacións adaptada para Radiodifusión Sonora, Televisión Dixital e Banda larga Ultrarrápida (instalación parcial), tal e como se describen no artigo 4.1.b) das bases reguladoras.
 - c) Liña de actuación 3: infraestrutura de telecomunicacións adaptada, exclusivamente, para Banda Larga Ultrarrápida, tal e como se describen no artigo 4.1.c) das bases reguladoras.
2. O ámbito material das actuacións contempladas nos proxectos deberá axustarse ás edificacións elixibles establecidas no artigo 3 das bases reguladoras.



3. Só se poderá solicitar unha subvención a unha liña de actuación por cada solicitante. No caso de recibirse máis dunha solicitude, só se terá en consideración a primeira solicitude recibida.
4. O importe máximo de subvención por proxecto estará limitado pola intensidade máxima de subvención establecida no artigo 4, e así mesmo establécese un importe máximo de subvención por liña de actuación e nº de unidades inmobiliarias beneficiadas (entendidas tal e como se recollen no Real Decreto 990/2021, do 16 de novembro):
 - a) Liña de actuación 1: importe máximo de subvención de 680,00€ por unidade inmobiliaria, ata un máximo por proxecto de 23.800,00€.
 - b) Liña de actuación 2: importe máximo de subvención de 600,00€ por unidade inmobiliaria, ata un máximo por proxecto de 21.000,00€.
 - c) Liña de actuación 3: importe máximo de subvención de 485,00€ por unidade inmobiliaria, ata un máximo por proxecto de 16.975,00€.

Artigo 3. Crédito

1. Para o financiamento desta convocatoria está prevista unha dotación orzamentaria máxima de 4.102.438,12€ que se financiarán con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Tipo de solicitante	Aplicación	Anualidade 2024
Comunidades de propietarios	07.A1.571A.781.0	2.051.219,06 €
Corporacións locais	07.A1.571A.760.0	2.051.219,06 €

No caso de que o crédito destinado a un tipo de solicitante non se esgote, a cantidade resultante poderá incrementar o orzamento destinado ao outro. Segundo o establecido no artigo 31 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando a contía total máxima das subvencións convocadas se distribúa en distintos créditos orzamentarios, a alteración de dita distribución non precisará de nova convocatoria pero sí das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

Este orzamento execútase dentro do código de proxecto 2022 00009 da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

2. Segundo o disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a dotación orzamentaria poderase incrementar sin que se realice unha nova convocatoria, no caso de xerar, ampliar ou incorporar crédito, ou coa existencia de remanentes de outras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.
3. Este crédito financiarase con fondos europeos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

Artigo 4. Intensidade máxima da subvención

A intensidade máxima destas subvencións será do cen por cen (100%) do custo elixible do proxecto.

Artigo 5. Realización do proxecto subvencionado



1. A execución dos gastos subvencionables levarase a cabo entre o día seguinte á data de presentación da solicitude e o 31 de outubro de 2024.
2. Os beneficiarios deberán presentar a documentación xustificativa da execución dos gastos subvencionables nun prazo máximo de tres (3) meses dende a finalización da actuación e, en todo caso, ata a data límite que é o 31 de outubro de 2024.
3. En todo caso, a execución de investimentos por unha persoa solicitante con carácter previo á resolución de concesión da subvención non xerará dereitos no caso de que a persoa solicitante non resulte beneficiaria, nin garante a súa aprobación no caso de ser beneficiaria.

Artigo 6. Presentación de solicitudes

1. O prazo para a presentación das solicitudes de subvención iniciárase ao día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia e durará ata o 16 de setembro de 2024, inclusive. Este prazo poderá ser ampliado no caso da existencia de crédito dispoñible, ou ben no caso de xerar, ampliar ou incorporar crédito, ou coa existencia de remanentes de outras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (Anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. Se a solicitude non reunise os requisitos establecidos, requirirase o interesado para que a emende no prazo máximo de dez (10) días, indicándolle que, se non o fixese, darase por desistida a súa solicitude, de acordo co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. O feito de non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo da posible aplicación das consecuencias sancionadoras que procedan, de conformidade co disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 7. Procedemento de concesión de subvencións

1. O procedemento de concesión será o de outorgamento de subvencións en concorrencia non competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo á orde de presentación de solicitudes ata o esgotamento do crédito previsto na presente convocatoria.



2. Naqueles supostos en que se lles requira aos solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou na documentación presentada, de ser o caso, ou se presenten documentos posteriores, entenderase por rexistro de entrada da solicitude a data en que o dito requirimento estea correctamente atendido.
3. O prazo máximo para ditar resolución expresa e notificala aos interesados será de cinco (5) meses contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no Diario Oficial de Galicia.
4. Transcorrido o prazo sen ditar resolución expresa, os interesados poderán entender como desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, de conformidade co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Artigo 8. Información aos interesados

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código AP400C, poderá obterse documentación normalizada ou información adicional na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) a través das seguintes canles:

1. Páxina web: <http://amtega.xunta.gal/>
2. O teléfono: 981 545 535
3. A dirección electrónica: amtega@xunta.gal
4. Presencialmente.
5. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outros procedementos, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia (012 ou 902 12 00 12 si chama desde fóra de Galicia).

Disposición adicional única. Habilitación para o desenvolvemento

Facúltase á Área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para que dite as instrucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta resolución.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, a 26 de xullo de 2024

O director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Julián Cerviño Iglesia



ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrncia non competitiva, para a execución de diversas actuacións de mellora das infraestruturas de telecomunicacións en edificios, no marco do investimento C15.I4 do Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU

CAPÍTULO I

Obxecto e ámbito

Artigo 1. Obxecto

Constitúe o obxecto da presente resolución a aprobación das bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrncia non competitiva, para a execución de diversas actuacións de mellora das infraestruturas de telecomunicacións en edificios (Programa UNICO – Edificios) previstas no Real Decreto 990/2021, do 16 de novembro (BOE núm. 275 do 17 de novembro), modificado polo Real Decreto 1137/2023, de 19 de decembro (BOE núm. 9 do 10 de xaneiro de 2024), e polo Real Decreto 522/2024, do 4 de xuño (BOE núm. 136 do 5 de xuño de 2024), no marco do investimento C15.I4 do Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

Artigo 2. Ámbito temporal

O ámbito temporal de vixencia das presentes bases será desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, ata o 31 de decembro de 2024.

Artigo 3. Ámbito material

As convocatorias ditadas ao amparo das presentes bases axustarán o seu ámbito ás edificacións que non dispoñan dunha infraestrutura común de telecomunicacións (ICT) instalada ao amparo do Real Decreto-lei 1/1998, sobre infraestruturas comúns nos edificios para o acceso aos servizos de telecomunicación, é dicir, edificacións cuxa construción xa estaba en fase avanzada ou concluída antes da entrada en vigor do primeiro regulamento técnico aprobado polo Real Decreto 279/1999, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento regulador das infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso aos servizos de telecomunicación no interior dos edificios e da actividade de instalación de equipos e sistemas de telecomunicacións (edificios concluídos antes do 1 de xaneiro de 2000), no ámbito territorial de Galicia.

Artigo 4. Tipos de proxectos obxecto de subvención

1. Os proxectos que se presenten ás convocatorias ditadas ao amparo das presentes bases, destinaranse a cubrir investimentos e gastos directamente relacionados para desenvolver as seguintes actuacións:
 - a) Liña de actuación 1: infraestrutura de telecomunicacións adaptada para Radiodifusión Sonora, Televisión Dixital e Banda Larga Ultrarrápida (instalación completa). Renovaranse con esta liña do programa:



- 1º Os elementos de captación, adaptación, distribución, dispersión, co cableado imprescindible, para asegurar a correcta captación, distribución e entrega, polo menos, dos servizos radiodifundidos. Para ese efecto, tomaranse como referencia as características técnicas previstas no anexo I do regulamento aprobado polo Real Decreto 346/2011, do 11 de marzo. Así mesmo, previa consulta aos operadores de comunicacións electrónicas despregarase na edificación unha rede de Banda Larga Ultrarrápida desde un punto de interconexión que se deberá instalar no inmovible e ata cada PAU. Para ese efecto, tomaranse como referencia as características técnicas previstas no anexo II do regulamento aprobado polo Real Decreto 346/2011, do 11 de marzo.
 - 2º E, no seu caso, procederase á desinstalación e retirada dos equipos e sistemas de telecomunicacións externos en desuso, unha vez realizadas as actuacións anteriores; tales como: aparamenta, cables, antenas, incluídos os eléctricos ou electrónicos que teñan asociados e procederase á súa correcta xestión ambiental en cumprimento da normativa vixente e aplicable aos residuos xerados.
- b) Liña de actuación 2: infraestrutura de telecomunicacións adaptada para Radiodifusión Sonora, Televisión Dixital e Banda Larga Ultrarrápida (instalación parcial, ao non incluír para Radiodifusión Sonora e Televisión Dixital nin os elementos de captación –antenas– nin de adaptación –equipamento de cabeceira–). Renovaranse con esta liña do programa:
- 1º Os elementos de distribución e dispersión, co cableado imprescindible, para asegurar a correcta distribución e entrega, polo menos, dos servizos radiodifundidos. Para ese efecto, tomaranse como referencia as características técnicas previstas no anexo I do regulamento aprobado polo Real Decreto 346/2011, do 11 de marzo. Así mesmo, previa consulta aos operadores de comunicacións electrónicas despregarase na edificación unha rede de Banda Larga Ultrarrápida desde un punto de interconexión que se deberá instalar no inmovible e ata cada PAU. Para ese efecto, tomaranse como referencia as características técnicas previstas no anexo II do regulamento aprobado polo Real Decreto 346/2011, do 11 de marzo.
 - 2º E, no seu caso, procederase á desinstalación e retirada dos equipos e sistemas de telecomunicacións externos en desuso, unha vez realizadas as actuacións anteriores; tales como: aparamenta, cables, antenas, incluídos os eléctricos ou electrónicos que teñan asociados e procederase á súa correcta xestión ambiental en cumprimento da normativa vixente e aplicable aos residuos xerados.
- c) Liña de actuación 3: infraestrutura de telecomunicacións adaptada, exclusivamente, para Banda Larga Ultrarrápida. Renovaranse con esta liña do programa:
- 1º Previa consulta aos operadores de comunicacións electrónicas despregarase na edificación unha rede de Banda Larga Ultrarrápida desde un punto de interconexión que se deberá instalar no inmovible e ata cada PAU. Para ese efecto, tomaranse como referencia as características técnicas previstas no anexo II do regulamento aprobado polo Real Decreto 346/2011, do 11 de marzo.
 - 2º E, no seu caso, procederase á desinstalación e retirada dos equipos e sistemas de telecomunicacións externos en desuso, unha vez realizadas as actuacións anteriores; tales como: aparamenta, cables, incluídos os eléctricos ou electrónicos



que teñan asociados e procederase á súa correcta xestión ambiental en cumprimento da normativa vixente e aplicable aos residuos xerados.

CAPÍTULO II

Requisitos e deberes

Artigo 5. Requisitos das entidades solicitantes

1. As comunidades de propietarios, dun edificio ou conxunto de edificacións, suxeitos ao réxime de propiedade horizontal, establecidos no artigo 396 do Código Civil, así como, nos correlativos da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de Propiedade Horizontal, que precisen adaptar as súas instalacións de telecomunicacións no interior do edificio ou conxunto de edificacións. Igualmente, poderán solicitar e, no seu caso, obter a condición de destinatarios últimos das axudas as corporacións locais galegas que precisen adaptar as instalacións de telecomunicacións no interior de edificios ou conxunto de edificacións da súa propiedade cando se trate de edificios ou edificacións que se localicen no seu respectivo ámbito territorial. O edificio ou conxunto de edificacións deberá ser subvencionable segundo o indicado no artigo 3.
2. Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias as entidades nas que conorra algunha das circunstancias que prohiben a obtención da condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas devanditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable do interesado, con independencia das comprobacións que de forma preceptiva deba efectuar o órgano instructor.

Artigo 6. Obrigas das entidades beneficiarias

1. As entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as contidas nestas bases, as contidas no Real Decreto 990/2021, do 16 de novembro, modificado polo Real Decreto 1137/2023, de 19 de decembro, e polo Real Decreto 522/2024, do 4 de xuño, as que se determinen en cada convocatoria, as que figuren na resolución de concesión das subvencións e nas instrucións específicas que, en aplicación e cumprimento das presentes bases e de cada convocatoria, sexan aprobadas en materia de execución, seguimento, pago das subvencións, información e publicidade, xustificación e control do gasto.
2. As entidades beneficiarias deberán comunicar ao órgano concedente no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da subvención concedida, a obtención de calquera outra subvención, axuda, ingresos ou recursos que financien a mesma actuación subvencionada, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.
3. As entidades beneficiarias deberán manter un sistema de contabilidade separada, ou un código contable diferenciado que recolla adecuadamente todas as transaccións relacionadas coa actuación obxecto de axuda. Así mesmo, deberán dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos nos termos esixidos pola lexislación aplicable á entidade beneficiaria, así como as facturas e demais xustificantes de gasto de valor probatorio equivalente e os correspondentes xustificantes de pago. Este conxunto de documentos constitúe o soporte xustificativo da axuda concedida, garante o seu adecuado reflexo na



contabilidade das entidades beneficiarias e deberá conservarse durante un prazo mínimo de tres (3) anos.

4. Cumprimento das obrigas de etiquetaxe climática e dixital, cunha porcentaxe do 0 por cento e do 100 por cento respectivamente, de acordo co previsto no PRTR e o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.
5. En aplicación do disposto no artigo 29.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as infraestruturas e equipos que sexan obxecto de axuda deberán permanecer afectos ao fin concreto do proxecto durante un período mínimo de cinco (5) anos, contados a partir da finalización do mesmo, ou ata o final da súa vida útil se esta fose menor de 5 anos.
6. As entidades beneficiarias comprométense a proporcionar ao organismo concedente, aos avaliadores designados ou a outros organismos nos que dito organismo delegue a realización deste tipo de tarefas, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación do proxecto.
7. As entidades beneficiarias deberán contribuír ao obxectivo de autonomía estratéxica e dixital da Unión Europea, así como garantir a seguridade da cadea de subministración tendo en conta o contexto internacional e a dispoñibilidade de calquera compoñente ou subsistema tecnolóxico sensible que poida formar parte da solución, mediante a adquisición de equipos, compoñentes, integracións de sistemas e software asociado a provedores situados na Unión Europea.
8. As entidades beneficiarias estarán obrigados a crear en España todo o emprego necesario para a realización da actividade, que se realizará con persoal contratado e afiliado á Seguridade Social no territorio nacional.
9. Cumprir con as obrigas de información e publicidade, segundo se establece no artigo 27 das presentes bases.
10. As actuacións a que se refire o artigo 4 deberán cumprir as seguintes condicións:
 - a) Cumprimento das condicións específicas de aplicación do principio de "non causar dano significativo" (do non significant harm – DNSH) establecidas no anexo III.
 - b) Realizarse por empresas instaladoras rexistradas no Rexistro de empresas instaladoras de telecomunicación ao que se refire o artigo 3 do Regulamento regulador da actividade de instalación e mantemento de equipos e sistemas de telecomunicación, aprobado polo Real Decreto 244/2010, do 5 de marzo. En concreto, polo tipo de actividade «F», segundo o establecido na Orde ITC/1142/2010, do 29 de abril, pola que se desenvolve o Regulamento regulador da actividade de instalación e mantemento de equipos e sistemas de telecomunicación.
 - c) Contar co correspondente proxecto técnico subscrito por titulado ou titulada competente en materia de infraestruturas comúns de telecomunicacións (ICT).
 - d) Cumprir coa normativa vixente que lles sexa de aplicación, así como contar coas preceptivas licenzas e autorizacións administrativas no caso de que as mesmas o requiran.



e) A efectos da execución das actuacións que inclúan o despregamento dunha infraestrutura de Banda Larga Ultrarrápida nos edificios ou conxunto de edificacións, os operadores interesados en ser consultados sobre o tipo de portadores a utilizar, habilitarán un punto de información onde poderán dirixirse os proxectistas, e informarán das correspondentes ligazóns da internet á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais, para que os publique na súa páxina web. Se non existise resposta de ningún operador nun prazo máximo de 15 días hábiles desde a data da consulta realizada, ou en ausencia de operadores interesados en ser consultados, o proxecto técnico incorporará, unicamente como portador, o cableado de fibra óptica. A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais poderá habilitar, se fose necesario, un procedemento de consulta e intercambio de información alternativo.

f) Ademais, o proxecto técnico, boletín de instalación de telecomunicacións, protocolo de probas específico e certificación final de obra e, no seu caso, acta de replanteo, presentaranse e tramitaranse cumprindo o procedemento previsto na Orde ITC/1644/2011, do 10 de xuño, pola que se desenvolve o Regulamento regulador das infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso aos servizos de telecomunicación no interior das edificacións, aprobado polo Real Decreto 346/2011, do 11 de marzo. A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais publicará, na súa páxina web, os modelos de documentos antes referidos adaptados a cada unha das actuacións recollidas no artigo 4 co fin de normalizar os seus contidos e aspectos técnicos a cubrir en cada caso; igualmente, publicarase o modelo de Informe Técnico de Renovación que subscribirá o proxectista seleccionado polo promotor e o modelo de Orzamento desagregado que entregará ao promotor, a empresa instaladora rexistrada encargada por esta da realización dos traballos.

11. Nos casos nos que as entidades beneficiarias se atopen dentro do ámbito subxectivo de aplicación establecido no artigo 3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberán dar cumprimento ás disposicións relativas a publicidade activa que figuran no capítulo II do título I da dita Lei. En particular, tal e como se menciona no punto 2 do artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, publicarán a información prevista no apartado c do punto 1 do artigo 8 da devandita lei seguindo os principios xerais establecidos no artigo 5 da mesma.

Adicionalmente aos deberes relativos á publicidade activa que marca a normativa de carácter básico, as entidades beneficiarias están suxeitas aos deberes de subministración de información conforme ao disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias de non atender a esta obriga ditaranse conforme ao disposto na devandita Lei.

12. As entidades beneficiarias están obrigadas a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

13. O incumprimento de calquera dos deberes sinalados nos apartados anteriores, poderá ser causa da perda de dereito ao cobro ou do reintegro da subvención concedida segundo a fase procedimental en que se atope a tramitación do expediente.



CAPÍTULO III

Actividade subvencionable

Artigo 7. Financiamento e intensidade máxima da subvención

1. As subvencións que se concedan, financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias que se determinen nas correspondentes convocatorias.
2. Enténdese por intensidade de subvención o importe da mesma expresado en porcentaxe dos custos subvencionables do proxecto. Todas as cifras empregadas entenderanse antes de deducións fiscais ou doutro tipo.
3. A intensidade máxima das subvencións fixarase, para cada caso, nas convocatorias ditadas ao amparo das presentes bases. En todo caso, esta intensidade máxima non poderá superar o cen por cen (100%) do custo de todos os conceptos subvencionables.
4. As subvenciones que se concedan ao amparo das presentes bases non serán compatibles con calquera outra axuda doutros programas ou instrumentos financiados con calquera outro fondo da Unión Europea.
5. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía, que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 8. Investimentos e gastos subvencionables

1. As subvencións destinaranse a financiar investimentos e gastos que estean directamente relacionados e sexan necesarios para a realización dos proxectos subvencionados, acorde co estipulado nas presentes bases e convocatoria, e que se materialicen no período fixado en cada convocatoria.
2. Se consideran investimentos e gastos potencialmente subvencionables na medida en que reúnan todos os requisitos preceptivos, os seguintes conceptos asociados ao proxecto:
 - a) Os traballos vinculados á actividade do titulado ou titulada competente en materia de telecomunicacións: elaboración do correspondente proxecto técnico, dirección de obra e certificación final, así como, os informes técnicos de renovación e memorias que fosen necesarios e, no seu caso, a consulta aos operadores de telecomunicacións e a verificación voluntaria do proxecto e do certificado.
 - b) Os traballos vinculados á actividade da empresa instaladora: elaboración do orzamento de obra, execucións materiais (equipamento de todo tipo que se precise, a realización das medidas de comprobación e a súa correspondente man de obra), realización do boletín de instalación de telecomunicacións e do protocolo de probas asociado e, no seu caso, dos custos da desinstalación e a retirada dos equipos e sistemas de telecomunicacións externos en desuso, unha vez realizadas as actuacións subvencionables e da súa correcta xestión ambiental en cumprimento da normativa vixente e aplicable aos residuos xerados, sempre que non se trate de sistemas ou equipos para os que se regulou o réxime de responsabilidade ampliada do produtor do produto.



3. Dentro dos gastos subvencionables, conforme o artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, admitiranse os impostos indirectos aplicables cando non sexan susceptibles de recuperación ou compensación polo beneficiario.
4. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou fornezan.

CAPÍTULO IV

Comunicacións, representación e presentación de solicitudes

Artigo 9. Representación

1. As persoas físicas que realicen a firma da solicitude ou a presentación de declaracións responsables ou comunicacións, interposición de recursos, desistencia de accións ou renuncia a dereitos, en representación das persoas solicitantes ou beneficiarias das subvencións, deberán ostentar a representación necesaria para cada actuación que lle sexa de aplicación.
2. A persoa asinante da solicitude deberá acreditar que no momento da presentación da solicitude ten representación suficiente para o acto. O incumprimento desta obriga, de non emendarse, dará lugar a que ao interesado se lle dea por desistido da súa solicitude.
3. Para o resto dos trámites indicados no punto 1, cando o representante sexa distinto da persoa que asinou a solicitude, deberase achegar igualmente a acreditación do poder con que actúa o novo asinante, que deberá ser suficiente para exercer a devandita representación.
4. O órgano instrutor poderá requirir en calquera momento ás persoas asinantes a acreditación da representación que ostenten. A falta de representación suficiente da entidade seleccionada, persoa solicitante ou beneficiaria en cuxo nome presentouse a documentación determinará que o documento en cuestión téñase por non presentado, cos efectos que diso derívense para a continuación do procedemento.
5. A representación poderá acreditarse mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia. No caso das comunidades de propietarios considerárase acreditación suficiente a presentación dun certificado do acordo da xunta de propietarios do inmovible, emitido e asinado polo secretario ou secretario-administrador da comunidade co visto e prace do presidente ou, no seu caso, da representación legal da sociedade cooperativa no que, de forma expresa se faculte a un representante para realizar as xestións de tramitación e xustificación desta axuda.

Artigo 10. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación das solicitudes será o indicado en cada convocatoria.



Artigo 11. Presentación de solicitudes

1. As solicitudes serán presentadas pola persoa que acredite a súa representación segundo o indicado no artigo 9.
2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (Anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emenda través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. Se a solicitude non reunise os requisitos establecidos, requirirase o interesado para que a emende no prazo máximo de dez (10) días, indicándolle que, se non o fixese, darase por desistida a súa solicitude, de acordo co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. O feito de non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo da posible aplicación das consecuencias sancionadoras que procedan, de conformidade co disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 12. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada opóñase á súa consulta:
 - a) Número de identificación fiscal (NIF) da entidade solicitante.
 - b) Número de identificación fiscal (NIF) da entidade representante, de ser o caso.
 - c) Documento nacional de identidade (DNI) da persoa representante que asine a solicitude. Cando algunha persoa sexa estranxeira residente, consultarase o número de identidade de estranxeiro (NIE).
